

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

- 2394** *Real decreto 93/2021, do 16 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 1221/2009, do 17 de xullo, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións de gando porcino extensivo e polo que se modifica o Real decreto 1547/2004, do 25 de xuño, polo que se establecen as normas de ordenación das explotacións cunícolas.*

O Real decreto 306/2020, do 11 de febreiro, polo que se establecen normas básicas de ordenación das granxas porcinas intensivas e se modifica a normativa básica de ordenación das explotacións de gando porcino extensivo, modifica varios aspectos do Real decreto 1221/2009, do 17 de xullo, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións de gando porcino extensivo e polo que se modifica o Real decreto 1547/2004, do 25 de xuño, polo que se establecen as normas de ordenación das explotacións cunícolas, entre eles a derogación da excepción para a venda de reprodutores en granxas de produción que establecía o citado Real decreto 1221/2009, do 17 de xullo, que suprime a posibilidade de que as explotacións de produción poidan orientarse á venda de reprodutores como actividade secundaria da explotación, actividade que quedou limitada ás de selección, multiplicación e recría de reprodutores.

Por isto, atenúanse as limitacións impostas daquela ás explotacións extensivas de produción xa existentes que levaban a cabo a dita actividade, e permítese a súa ampliación ou o cambio de orientación zootécnica para a súa conversión en explotacións de selección ou multiplicación, tal e como se permite no caso das explotacións intensivas, mediante a modificación do artigo 9 do Real decreto 1221/2009, do 17 de xullo.

A regulación que contén este proxecto axústase aos principios recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En concreto, cumpre cos principios de necesidade e eficacia, pois trátase do instrumento máis adecuado para garantir que a normativa se aplica dun modo homoxéneo en todo o territorio nacional, o que garante o interese xeral. Tamén se adecúa ao principio de proporcionalidade, pois non se impoñen restricións ou obrigacións aos destinatarios. En canto aos principios de seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, a dita norma adecúase a eles pois é coherente co resto do ordenamento xurídico, e procurouse a participación das partes interesadas, evitando cargas administrativas.

Esta norma dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica, e de acordo coa habilitación prevista na disposición derradeira quinta da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de febreiro de 2021,

DISPOÑO:

- Artigo único.** *Modificación do Real decreto 1221/2009, do 17 de xullo, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións de gando porcino extensivo e polo que se modifica o Real decreto 1547/2004, do 25 de xuño, polo que se establecen as normas de ordenación das explotacións cunícolas.*

O artigo 9 do Real decreto 1221/2009, do 17 de xullo, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións de gando porcino extensivo e polo que se modifica

o Real decreto 1547/2004, do 25 de xuño, polo que se establecen as normas de ordenación das explotacións cunícolas, queda redactado como segue:

«Artigo 9. *Autorización de novas explotacións, ampliación ou cambio de orientación zootécnica das explotacións existentes.*

1. Para poder inscribir as novas explotacións no Rexistro de Explotacións Porcinas Extensivas, ou a ampliación das existentes, deberán ter sido autorizadas previamente pola autoridade competente, que comprobará o cumprimento das condicións sanitarias básicas previstas no artigo 36 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e dos requisitos establecidos neste real decreto.

A citada autorización poderá concederse con carácter provisional, sobre a base do proxecto de instalación da nova explotación, ou de ampliación da xa existente, ben que estará condicionada á posterior comprobación pola autoridade competente de que se levou a cabo a instalación ou a ampliación, unha vez finalizada, conforme a correcta execución do proxecto con base no cal se concedeu a autorización.

2. Poderá concederse unha autorización de ampliación, ou de cambio de orientación ou clasificación zootécnica, ás explotacións debidamente autorizadas e que se encontran inscritas no Rexistro de Explotacións Porcinas Extensivas, sempre que cumpran co establecido no presente real decreto.

3. Sen prexuízo do que establece o número anterior, a autoridade competente poderá conceder unha autorización de ampliación, ou de cambio de orientación zootécnica, ás explotacións debidamente autorizadas e inscritas no Rexistro de Explotacións Porcinas Extensivas, aínda que non cumpran coas condicións sobre localización e separación sanitaria que establece o artigo 4.2.a), sempre que:

a) Non superen os límites de capacidade produtiva de cada un dos grupos en que están clasificadas de acordo co artigo 3.2.

b) A ampliación da explotación, ou o cambio de orientación zootécnica non implique unha redución das distancias existentes cos establecementos ou instalacións que poidan constituír unha fonte de contaxio ou coas zonas urbanas.

4. Como excepción ao establecido no número anterior, a autoridade competente poderá autorizar a ampliación das explotacións existentes clasificadas no grupo primeiro do artigo 3.2 que non cumpran coas condicións que establece o artigo 4.2.a), con carácter excepcional e de acordo cun estudo en cada caso, que, en todo caso, garanta o cumprimento de, ao menos, os seguintes requisitos:

a) A explotación deberá cumprir co resto de previsións deste real decreto.

b) A explotación deberá contar coa pertinente autorización e manterse en estado de alta no Rexistro de Explotacións Porcinas Extensivas.

c) A explotación localizarse nunha zona rural que se vaia revitalizar, de acordo cos criterios definidos no artigo 10 da Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural.

d) A explotación localizarse en zonas de montaña, de acordo cos criterios definidos no artigo 32 do Regulamento 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello.

e) A ampliación non implicará unha redución das distancias existentes cos establecementos ou instalacións que poidan constituír unha fonte de contaxio, ou cos núcleos urbanos máis próximos.

Cando se aplique a previsión prevista no presente número, a capacidade máxima da explotación non poderá ser de máis de 240 UGM tras realizar a ampliación. Estas explotacións non poderán acollerse posteriormente á excepción que establece o número 3 do presente artigo.

5. En todos os casos, o vencemento do prazo máximo sen terse notificado resolución expresa terá efecto desestimatorio, de acordo co previsto no artigo 24.1, segundo parágrafo, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.»

**Disposición transitoria única.** *Solicitudes en tramitación.*

As solicitudes de ampliación, cambio de orientación, ou de clasificación zootécnica das explotacións de gando porcino extensivo aínda non resoltas, ou que non sexan firmes en vía administrativa o día da entrada en vigor deste real decreto, serán resoltas de acordo coa redacción do artigo 9 do Real decreto 1221/2009, do 17 de xullo, prevista na presente disposición.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 16 de febreiro de 2021.

FELIPE R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,  
LUIS PLANAS PUCHADES